


O sector de instalacións deportivas acorda ir á folga os días 26, 28 e 30 de novembro



[1]

Arredor de 2.500 traballadores e traballadoras de máis de 150 piscinas, instalacións e clubs deportivos de Galiza están chamados á folga os días 26, 28 e 30 de novembro en demanda da negociación do convenio colectivo. Os paros afectarán máis de 100.000 usuarios de máis de 100 concellos galegos e mesmo todas as competicións, desde alevíns até profesionais de todo tipo de deportes, segundo informaron en rolda de prensa os convocantes, as federacións de Servizos da CIG, CCOO e UGT.

18/11/09.

A folga abrangue todos os centros deportivos, instalacións acuáticas, clubs náuticos e deportivos, sexan en instalacións privadas ou públicas en concesión a empresas privadas ou prestacións de servizos por empresas privadas, e abarca, en xeral, todas as empresas afectadas polo Convenio Estatal de Instalacións Deportivas e Ximnasios, aínda que nestes intres se estean aplicando outros convenios colectivos.

As demandas da parte social céntranse na negociación de catro aspectos fundamentais: o establecemento dun convenio que cubra a todo o sector; a modificación das condicións das Incapacidades Temporais, a xornada laboral (para que se axuste a xornada real á xornada reflectida nos contratos) e a táboa salarial.

Adxunto

Tamaño

[FOLGA_DEPORTES.pdf](#) [2]

17.2 KB

Novas relacionadas: [Rompen as negociacións no convenio de instalacións deportivas](#) [3]

[Traballadores de instalacións deportivas están convocados a asembleas na Coruña e Pontevedra](#) [4]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2009/11/folga_deportes_pdf_13312.pdf

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.06/rompen-negociacions-no-convenio-de-instalacions-deportivas>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.27/traballadores-de-instalacions-deportivas-estan-convocados-asembl-eas-na-coruna-e-pont>